

INSTRUCCIÓN PARA A SOLICITUDE DO CERTIFICADO PREVIO DE EXPORTACIÓN

1. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- **Regulamento (UE) 2016/2031** do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais.
- **Real Decreto 387/2021**, do 1 de xuño, polo que se regula o réxime de certificación fitosanitaria oficial para a exportación de vexetais e produtos vexetais e modifícase o Real Decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

2. DEFINICIÓNS

O certificado previo a la exportación (CPE) é un documento oficial que acompaña o envío de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos con destino a outro Estado membro da Unión Europea dende os que se vai realizar unha exportación con destino a un terceiro país, ante de emitir o corresponde Certificado Fitosanitario. Este documento reflicte o intercambio de información fitosanitaria necesaria como base para a expedición do certificado fitosanitario de exportación.

O CPE será expedido, a petición do operador profesional, polos Servizos de Sanidade Vexetal das Comunidades Autónomas no que se cultivaron, produciron, almacenaron ou procesaron os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos, mentres estes se atopan nas instalacións do operador profesional. Non obstante, poderá ser expedido unha vez que os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos saíron das instalacións a condición de que se realizaron inspeccións e, se é necesario, se tomaran mostras que confirmen que cumpren cos requisitos fitosanitarios específicos.

Os axentes de control non poderán emitir o CPE.

3. PROCEDIMENTO PARA A SOLICITUDE DE CPE

Os pasos seguir polos interesados en solicitar a emisión do CPE son os seguintes:

1. Presentación da solicitude a través da sede electrónica utilizando o procedemento xenérico PRO04A.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

2. Datos mínimos que debe conter a solicitude:

- Datos do operador: Titular e Nº rexistro ROPVEG.
- Especies para os que solicita o CPE e cantidade (kg,unidades) e descrición da partida.
- Albará do orixe da mercadoría que se vai exportar (no caso de non ser produción propia).
- Parcelas e sitios de produción.
- País de destino.
- Especificacións sobre requisitos de pragas exixidas polo país de destino.
- Outras especificacións exixidas polo país de destino (requisitos fitosanitarios de importación, tratamentos de envío...)

3. Xunto coa solicitude deberase achegar o xustificante de pagamento da taxa correspondente.

Os datos para a taxas son os seguintes:

Denominación da taxa: Certificación fitosanitaria

- Consellería de Medio Rural 09.
- Delegación: Servizos Centrais: 13
- Servicio de Sanidade Vexetal:15
- Códigos da taxa: 310405
- Importe da taxa (en función do valor da mercadoría a enviar)

Certificacións fitosanitarias (31.04.05)	
Hasta 1.803,04 €	0,50%
De 1.803,04 a 3.606,07 €	0,40%
De 3.606,08 a 6.010,12 €	0,30%
Exceso sobre 6.010,12 €	0,20%

O pagamento da taxa pode realizarse a través da [Oficina Virtual da ATRIGA](#).

Para calquera aclaración ou dúbida sobre este trámite poder poñerse en contacto cos seguintes Servizos:

SERVIZO	Correo electrónico	Teléfono
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS CORUÑA	sea.medio-rural.coruna@xunta.gal	981182579 981182259
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS LUGO	explotacionsagrarias.cmr.lugo@xunta.gal	982294459 982889580
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS PONTEVEDRA	explotacionsagrarias.cmr.pontevedra@xunta.gal	986805446 886206581
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS OURENSE	sea.cmr.ourense@xunta.gal	988386687 988386571
SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA	ssp.v.cmr@xunta.es	881997443 981540060